

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

39-402 Matriz de contabilidade social

PROXECTO TÉCNICO

I.- Introducción e obxectivos

A análise macroeconómica actual require de fontes estatísticas que posibiliten o deseño de políticas para a planificación económica e social. Son necesarios, por tanto, sistemas de información rigorosos e sobre todo que se axusten ás necesidades e obxectivos das institucións encargadas da toma de decisións. A elaboración destas estatísticas é o obxectivo da Contabilidade Social. Con estas a Contabilidade Social persegue a presentación completa, ordenada e consistente dos feitos da vida económica ata onde sexan susceptibles de medición. Esta definición supón que a Contabilidade Social incluírá todas as subdivisións do que coñecemos como Contas Nacionais. Porén, aínda que o termo Contabilidade Social é máis amplo co de Contabilidade Nacional foron usados por moitos autores indistintamente. Ámbolos dous son sistemas nos que se incorporan todas as transaccións dunha economía durante un período de tempo dado (xeralmente un ano), é dicir, tódalas compras, vendas, pagamentos, ingresos e transferencias xa sexan voluntarias ou involuntarias. A diferenza entre ambos conceptos é basicamente unha cuestión de énfase. Mentres que o obxectivo principal da Contabilidade Nacional é analizar a produción de bens e servizos, o seu uso polo sistema económico como produto final ou intermedio e a utilización dos recursos no proceso produtivo, a Contabilidade Social pon o seu foco na distribución e redistribución da renda xerada no proceso produtivo. É dicir, a Contabilidade Social céntrase nas relacións intermedias reais da economía, en contraposición co sistema de Contas Nacionais que busca describir os resultados finais.

O énfase nos aspectos distributivos e redistributivos dos sistemas de contas nacionais foi gañando importancia ao longo do tempo o que se plasmou na atención crecente que se lles dá ás denominadas Matrices de Contabilidade Social (MCS).

A MCS mostra as interrelacións entre as estatísticas económicas e as estatísticas sociais poñendo en relación as macro estatísticas das Contas Nacionais coas micro estatísticas do mercado laboral e dos fogares. As definicións da MCS, tanto no SEC95 como no SCN93, fan fincapé no vínculo entre as táboas de orixe e destino e as contas dos sectores, e o papel das persoas na economía: grupos de fogares e desagregacións do mercado laboral.

O vixente Plan Galego de Estatística (2012-2016) establece na Sección 3.9. "Sistema de contas", como obxectivo xeral: consolidar o coñecemento da economía galega, a súa evolución, as súas compoñentes e a relación con outras economías do seu contorno. Ademais

das metas de información dirixidas á obtención das contas económicas anuais e trimestrais e o marco Input-Output, aparece unha terceira co título xenérico “Ampliacións do sistema” na que se menciona expresamente a “Matriz de contabilidade Social”. Esta necesidade de desagregar a información macroeconómica vinculada ás contas económicas xa aparecía recollida no 2º Plan e para cumprir con este requirimento, nos anos 2004 e 2005 o IGE asinou un convenio de colaboración coa USC no que se estableceron as liñas metodolóxicas necesarias para a elaboración dunha MCS, as necesidades de información e a estimación das contas do emprego.

Este proxecto continua o traballo anterior co obxectivo de elaborar unha MCS centrada no papel das persoas na economía galega o que permite facer unha análise mais integrada de determinados aspectos das políticas económica e social.

Obxectivos

A partir do obxectivo xeral de elaborar unha MCS orientada ao factor traballo, distínguense os seguintes obxectivos concretos:

- Obter a remuneración dos asalariados e as rendas mixtas xeradas polos traballadores da economía galega desagregados por diversas categorías socioeconómicas: rama de actividade, sexo e nivel de estudos. Este enfoque que chamaremos de demanda de traballo en termos monetarios, mostra a cantidade de diñeiro pagada polas ramas de actividade ás diferentes categorías de traballo (asalariados e autónomos) usadas no proceso produtivo.
- Mostrar o destino da renda xerada aos seus perceptores finais: os sectores institucionais. Neste caso búscase ofrecer maior información sobre o sector institucional fogares, o que implica a división dos fogares en subgrupos segundo a principal fonte de renda. Desde esta perspectiva que denominaremos como de oferta de traballo en termos monetarios, analízase a cantidade de diñeiro recibida por cada tipo de fogar como consecuencia da oferta de diferentes tipos de traballo no proceso produtivo.
- Obter o consumo final por grupos de produtos e tipo de fogar, clasificados segundo principal fonte de renda.

Os obxectivos anteriores implican a explotación das estatísticas que permitan obter resultados significativos e que sexan compatibles coas definicións e conceptos establecidos no SEC95. Este traballo pódese considerar un obxectivo en si mesmo, xa que implica un estudo profundo

das fontes e a súa compatibilidade e complementariedade, o que, sen lugar a dúbidas, redundará nunha maior integración das estatísticas sociais e económicas.

II.- Normativa e referencias metodolóxicas

- SEC-95 - “ (REGLAMENTO (CE) Nº 2223/96 DEL CONSEJO de 25 de junio de 1996 relativo al sistema europeo de cuentas nacionales y regionales de la Comunidad”
No capítulo 8 (8100-8.138) expónse a presentación matricial das contas no SEC.
- “HANDBOOK ON SOCIAL ACCOUNTING MATRICES AND LABOUR ACCOUNTS”.
European Commission 2003

Tal e como se establece na introdución do manual o obxectivo é proporcionar aos estados membros da Unión Europea e outros países información suficiente que permita entender en que consisten as MCS, como se obteñen, e como se poden usar. O manual toma como punto de partida o SEC95 (e o SCN93) co que é completamente consistente.

Aínda que este manual constitúe unha guía xeral das MCS, céntrase nunha MCS orientada ao factor traballo.

- Operacións relacionadas: a Matriz de Contabilidade Social insírese no sistema de contas económicas de Galicia cuxo núcleo principal está formado polas Contas económicas de Galicia e o Marco Input-output de Galicia, ambas operacións consolidadas segundo o Plan galego de estatística.
- “Matriz de Contabilidad social de Andalucía”. Año 2005 (MCSAN-05) Este traballo publicouse na Web do Instituto de Estadística y Cartografía de Andalucía o 20/04/2011 e representa o sistema de contas completo de Andalucía para o ano 2005 en forma matricial.

III.- A matriz de Contabilidade Social

III.1 A matriz de contabilidade agregada e a matriz de contabilidade social

Como paso inicial para a elaboración dunha MCS o manual de Eurostat recomenda a elaboración dunha Matriz de Contabilidade Nacional agregada (MCN). Esta matriz desenvólvese a partir das táboas detalladas das contas nacionais e en principio non é necesaria información adicional. O trazo distintivo desta matriz é a presentación dos principais agregados da contabilidade nacional de forma matricial mostrando claramente o fluxo circular da renda. Ademais de proporcionar esta visión alternativa das contas nacionais e facer posible

a realización de diversos tipos de análises, a súa principal utilidade é servir de base á construción dunha MCS.

A presentación matricial das transaccións económicas implica o cumprimento de tres condicións:

- i. Todas as filas e columnas que compoñen a matriz defínense de forma simétrica i.e. cada conta, definida por unha fila e unha columna da matriz, rexistra as transaccións dun determinado axente (por convención contabilízanse os ingresos na fila e seus gastos na columna correspondente).
- ii. Cada transacción rexístrase nunha soa cela (m_{ij}) da matriz, utilizando o concepto contable de partida dobre e mostrando que o gasto dun axente (j) representa o ingreso doutro axente (i).
- iii. Para cada unha das contas da matriz débese cumprir que a suma por filas (ingresos) sexa igual á suma por columnas (gastos).

O grupo de traballo que participou na elaboración do citado manual de Eurostat sinala que a MCN serve como marco conceptual de referencia, ademais de ofrecer un conxunto de restricións numéricas moi importante para o proceso de actualización ou estimación de novas MCS. Este grupo tamén destacou que a elaboración desta matriz serve para comprobar a calidade, coherencia e consistencia da contabilidade nacional. A elaboración da MCN para os distintos países participantes no proxecto permitiu detectar importantes lagoas e inconsistencias nas contas nacionais.

A MCN pode presentarse con diferentes niveis de detalle. Ao máis alto nivel de agregación, a matriz reflicte as diferentes clases de contas (Cadro 1). Esta matriz pode expandirse desagregando as celas da matriz para mostrar os tipos de transaccións entre diferentes grupos de produtos, ramas de actividade e sectores institucionais, como se mostra entre parénteses debaixo de cada unha das once contas no Cadro 1.

Da MCN expandida pode pasarse a unha MCS introducindo un maior detalle nas clasificacións. En xeral, esta ampliación da matriz refírese ás variables socioeconómicas como os fogares e á forza de traballo.

En resumo, segundo o SEC-95 (SEC-95 8.130 e seguintes) "*entre las propiedades generales de la presentación matricial de las cuentas cabe señalar:*

- 1) *una representación matricial detallada se presta a un tratamiento matemático utilizando el álgebra matricial; esto puede servir de ayuda al equilibrar cuentas;*

- 2) *una matriz detallada presenta un desglose simultáneo de las operaciones interrelacionadas por unidades que realizan los pagos y por unidades que los reciben; por consiguiente, resulta un formato adecuado para desvelar las interrelaciones de los flujos económicos, a escala mesoeconómica, incluyendo los flujos en los que intervienen dos tipos distintos de unidades (por ejemplo, el gasto en consumo final de diferentes categorías de bienes y servicios efectuado por diversos subsectores de los hogares);*
- 3) *en el caso de una serie de cuentas que ofrecen desagregación de las operaciones por unidades que realizan los pagos y unidades que los reciben, la presentación matricial resulta más concisa que otros métodos de presentación; el pago y el ingreso de las dos unidades que participan en cada operación se refleja mediante un solo registro contable.*

Una matriz agregada para el total de la economía puede servir como tabla de referencia para tablas posteriores más detalladas. (...) El formato matricial está especialmente indicado cuando no resulta posible o deseable mostrar el mismo grado de detalle en todas las cuentas del sistema.

La presentación matricial es una herramienta adecuada para estudiar la flexibilidad del sistema. Por ejemplo, se puede profundizar en el análisis de las interrelaciones entre los aspectos sociales y económicos del sistema, para llegar a una matriz de contabilidad social.”

A elaboración dunha MCN require integrar a información funcional que proporciona unha táboa input-output coa información institucional que proporcionan o sistema de Contas Nacionais. Esta tarefa é bastante complexa xa que ás dimensións nada desdeñables da desagregación funcional e institucional elixida únense as lagoas e inexactitudes da información estatística dispoñible.

O IGE non dispón da sucesión de contas da economía nin de información por sectores institucionais completa. Anualmente publícase información da conta de bens e servizos, e das contas de produción e explotación da economía¹. Sectorialmente só se dispón das contas do sector fogares².

¹ A operación estatística “Contas Económicas Anuais” difunde información dende o ano 1995.

² As operacións estatísticas “Contas de distribución da renda dos fogares por concellos” e a “Conta Satélite de Produción doméstica” achegan información sobre as contas do sector institucional fogares dende a conta de produción ata as contas de utilización da renda dispoñible.

Cadro 1. MATRIZ AGREGADA DE CONTABILIDADE

| CONTA | 1. Bens e servizos (produtos) | 2. Produción (ramas de actividade) | 3. Explotación (categorías de insumos primarios) | 4. Asignación da renda primaria (sectores institucionais) | 5. Distribución secundaria da renda (sectores institucionais) | 6. Utilización da renda dispoñible (sectores institucionais) | 7. Capital (sectores institucionais) | 8. FBCF (ramas de actividade) | 9. Financeira (activos financeiros) | 10. Resto do mundo Corrente | 11. Resto do mundo Capital | Total |
|---------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-------|
| 1. Bens e servizos (produtos) | Marxes comerciais e de transporte | Consumo intermedio | | | | Consumo final | Variación de existencias | Formación bruta de capital fixo | | Exportacións de bens e servizos | | |
| 2. Produción (ramas de actividade) | Produción | | | | | | | | | | | |
| 3. Explotación (categorías de insumos primarios) | VALOR ENGADIDO NETO (prezos básicos) | | | | | | | | | Remuneración dos asalariados do resto do mundo | | |
| 4. Asignación da renda primaria (sectores institucionais) | Impostos menos subvencións sobre os produtos | | RENTA XERADA NETA (prezos básicos) | Rendas da propiedade | | | | | | Rendas da propiedade e impostos menos subvencións sobre a produción do resto do mundo | | |
| 5. Distribución secundaria da renda (sectores institucionais) | | | | RENTA NACIONAL NETA | Transferencia correntes | | | | | Transferencia correntes do resto do mundo | | |
| 6. Utilización da renda dispoñible (sectores institucionais) | | | | | | RENTA DISPOÑIBLE NETA | Axuste pola variación da participación neta dos fogares nas reservas dos fondos de pensións | | | Axuste pola variación da participación neta dos fogares nas reservas dos fondos de pensións do resto do mundo | | |
| 7. Capital (sectores institucionais) | | | | | | | AFORRO NETO | Transferencias de capital | Contracción neta de pasivos | | Transferencias de capital do resto do mundo | |
| 8. FBCF (ramas de actividade) | | Consumo de capital fixo | | | | | | Formación neta de capital fixo | | | | |
| 9. Financeira (activos financeiros) | | | | | | | | Adquisición neta de activos financeiros | | | CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN DO RESTO DO MUNDO | |
| 10. Resto do mundo Corrente | Importacións de bens e servizos | | Remuneración dos asalariados ao resto do mundo | Rendas da propiedade e impostos menos subvencións ao resto do mundo | Transferencia correntes ao resto do mundo | Axuste pola variación da participación neta dos fogares nas reservas dos fondos de pensións ao resto do mundo | | | | | | |
| 11. Resto do mundo Capital | | | | | | | | Transferencias de capital ao resto do mundo | | SALDO DAS OPERACIÓNS CORRENTES CO EXTERIOR | | |
| Total | | | | | | | | | | | | |

Como pode verse na Cadro 1, as once contas que aparecen na MCN agregada son:

1. Bens e servizos
2. Produción
3. Explotación
4. Asignación da renda primaria
5. Distribución secundaria da renda
6. Uso da renda dispoñible
7. Capital
8. Formación bruta de capital fixo
9. Conta financeira
10. Conta corrente do resto do mundo coa economía nacional
11. Conta de capital do resto do mundo coa economía nacional

Cada conta está representada por un par, fila-columna, e a convención que se utiliza é que as entradas ou recursos móstranse en filas e as saídas ou usos nas columnas (coa única excepción da conta de bens e servizos). Cada elemento que aparece dúas veces na presentación nas contas en T, figura unha soa vez na representación matricial: na intersección entre a fila da conta da que é recurso e a columna da conta da que é un emprego.

As dúas primeiras filas e columnas do cadro 1 (**conta 1 de bens e servizos** e **conta 2 de produción**) conteñen unha versión agregada das táboas de orixe e destino, vinculadas coas outras contas do sistema. A terceira conta (**conta de explotación**) rexistra a xeración da renda primaria debido ao proceso produtivo e desempeña un papel moi importante na elaboración dunha MCS, xa que é o **nexo de unión entre o mercado laboral e a Contabilidade Nacional**. A desagregación desta conta faise por factores produtivos: remuneración dos asalariados; outros impostos netos sobre a produción; excedente de explotación neto e renda mixta neta.

Dado que o saldo contable da cela (3,2) é igual ao **valor engadido interior total**, as categorías de insumos primarios engloban tódalas persoas empregadas nas unidades institucionais residentes. Posteriormente, na columna 3, traspásase ao resto do mundo a remuneración das persoas non residentes empregadas en empresas residentes (cela 10,3). Para obter un saldo nacional significativo na conta 3 é preciso engadir primeiro a remuneración das persoas residentes empregadas en empresas non residentes (cela 3,10). Como resultado de todo o anterior, a conta de explotación péchase cun novo saldo (cela 4,3) denominado **renda xerada neta**, a prezos básicos. Esta macro magnitude, proporciona a renda total obtida polas unidades institucionais residentes pola súa participación no proceso de produción.

A **conta de asignación da renda primaria (conta 4)** presenta a distribución da renda primaria entre os factores de produción (traballo e capital) e as administracións públicas (a través dos

impostos sobre a produción, as importacións e as subvencións). Para cada sector institucional, parte da súa renda primaria pode estar xerada por factores produtivos doutros sectores, o que se plasma nesta conta. O saldo desta conta é a Renda nacional neta que se inclúe na distribución secundaria da renda (cela 5,4).

A **conta de distribución secundaria da renda (conta 5)** mostra cómo se asigna o saldo de rendas primarias dun sector institucional por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais excluídas as transferencias sociais en especie e outras transferencias correntes, tendo en conta que parte destas transferencias correntes veñen e van ao resto do mundo. O saldo da conta é a Renda Dispoñible Neta (cela 6,5), que reflicta a operación correntes.

A **conta da utilización da renda dispoñible (conta 6)** mostra, para os sectores institucionais que teñen consumo final, cómo se distribúe a renda dispoñible (ou a renda dispoñible axustada) entre o gasto en consumo final (ou o consumo final efectivo) e o aforro. O saldo desta conta é o aforro nacional neto (cela 7,6) que se inclúe coma un recurso na conta de capital.

A **conta de capital (conta 7)** forma, xunto coa **conta financeira (conta 9)**, as chamadas contas de acumulación, que reflicten as variacións nos activos e pasivos e no patrimonio neto dos sectores institucionais. Na estrutura desta MCN, as contas de capital e financeira aparecen entrelazadas (a clasificación da conta financeira non se fai por sectores institucionais senón por tipos de activos financeiros).

O obxectivo da **conta de formación bruta de capital fixo (conta 8)** é mostrar en que ramas de actividade ampliouse a capacidade de produción, o que constitúe un elemento moi importante na análise da dinámica dunha economía.

As **contas do resto do mundo (contas 10 e 11)** rexistran as operacións entre unidades residentes e non residentes. O resto do mundo non constitúe un sector institucional coma tal, pero desempeña un papel similar na estrutura do sistema. Estas contas elabóranse dende o punto de vista do resto do mundo.

III.2 Características xerais da MCS

En xeral, as estatísticas sociais carecen dun marco que asegure a consistencia entre as múltiples estatísticas procedentes de diferentes fontes. As MCSs proporcionan non só a consistencia entre as estatísticas sociais na matriz, senón tamén entre as estatísticas sociais e as contas nacionais.


Como xa se sinalou a MCS interrelaciona as estatísticas económicas e sociais o que implica unir as macro estatísticas das contas nacionais coas micro estatísticas do mercado de traballo e o consumo dos fogares. Esta unión plásmase no sector institucional fogares onde se realizan un importantísimo número de interrelacións económicas que as contas nacionais non poden mostrar ao tratar ao sector fogares como un só grupo. A MCS desagrega as celas da retribución do traballo e os fogares en pequenos grupos para mostrar os efectos do seu comportamento diferencial. Polo tanto, a elaboración dunha MCS require desagregar un número importante de celas (submatrices) da MCN.

A desagregación de actividades e produtos realízase a partir do marco input-output. Esta desagregación complementase cunha presentación detallada da remuneración do traballo a partir da desagregación de valor engadido, onde se mostra a remuneración dos factores de produción que interveñen no proceso. É dicir, preséntase quen xera a renda por rama de actividade (por exemplo: o factor traballo por rama, sexo e nivel de estudos). O paso seguinte consiste en mostrar o destino da renda xerada o que implica asignar esta renda a seus últimos perceptores: os sectores institucionais. Este paso implica a división dos fogares en subgrupos sobre a base da principal fonte de renda ou outra clasificación tendo en conta variables como o tamaño do fogar, o nº de fillos a cargo ou calquera outra clasificación que se considere relevante para a análise e da que se dispoña de información. Por último débese desagregar o sector fogares nas contas de distribución e uso da renda.

Polo tanto, unha MCS elabórase a partir da MCN na que as celas represéntanse coma submatrices nas que as filas e columnas son desagregacións mais detalladas das contas iniciais. No cadro 2³ representase esquematicamente como pode realizarse a transición das celas da MCN, como a presentada no cadro 1, ás submatrices da MCS referidas ao mercado laboral.

³ Este cadro é unha adaptación da *Figure 3.1 Transition from the NAM cells to the SAM tables on the labour market* que aparece no "HANDBOOK ON SOCIAL ACCOUNTING MATRICES AND LABOUR ACCOUNTS".

Cadro 2: Transición dende as celas da MCN ás táboas do mercado laboral da MCS



IV.- A matriz de contabilidade social da economía galega

Seguindo o Manual de Eurostat na construción da MCS para a economía galega (MCSEG) vaise prestar especial atención á demanda e oferta de traballo (MCS orientada ao factor traballo) en termos monetarios. Ademais na MCSEG tamén se incluíra a desagregación da submatriz de consumo final (1.6) por tipo de fogar.

IV.1 Definicións

Variables referidas ao mercado laboral segundo o SEC-95:

Emprego

Comprende todas as persoas, tanto asalariados como traballadores autónomos, que realizan unha actividade produtiva incluída dentro da fronteira da produción do sistema (SEC-95, 11.11).

Asalariado

Por asalariado enténdese toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade institucional residente e recibe unha remuneración. Os asalariados clasifícanse neste apartado, sempre que non desenvolvan ao mesmo tempo e a título principal un traballo como autónomos; neste caso clasificaríanse como traballadores autónomos (SEC-95, 11.12).

Algúns casos particulares, que se inclúen como traballadores asalariados son:

- Os propietarios de sociedades e cuasisociedades se traballan nestas empresas.
- Os traballadores a domicilio, se existe un acordo explícito polo cal se remunera ao traballador segundo o traballo realizado, é dicir, segundo a cantidade de traballo achegada como insumo ao proceso de produción (por hora traballada).
- As persoas empregadas por axencias de emprego temporal, que se inclúen na rama de actividade da axencia que as emprega e non na rama de actividade da empresa para a que traballan realmente.

Traballador autónomo

Defínense como os propietarios ou copropietarios das empresas non constituídas en sociedades nas que traballan, excluídas as empresas non constituídas en sociedade clasificadas como cuasisociedades. Os traballadores autónomos clasifícanse neste apartado sempre que non desenvolvan ao mesmo tempo e a título principal un traballo asalariado; neste caso clasifícanse como asalariados (SEC-95, 11.15).

Os traballadores autónomos inclúen as seguintes categorías:

- Os axudas familiares non remunerados, incluídos os que traballan en empresas non constituídas en sociedade dedicadas total ou parcialmente á produción de mercado.
- Os traballadores a domicilio con ingresos que dependen do valor dos produtos obtidos no proceso de produción do que son responsables, independentemente do traballo achegado a dito proceso.

Postos de traballo

Defínese como un contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio dunha remuneración durante un período definido ou indefinido de tempo (SEC-95, 11.22; 11.23).

O concepto de posto de traballo difire do concepto de emprego (ocupado), tal e como se definiu anteriormente, nos aspectos seguintes:

- Inclúe o segundo, terceiro, etc., postos de traballo que ocupa a mesma persoa.
- Inclúe as persoas que non traballen temporalmente, pero que teñen un vínculo formal co seu posto de traballo, por exemplo unha garantía de reincorporación ao traballo ou un acordo sobre a data de reincorporación.

Total de horas traballadas

O total de horas traballadas representa a cifra global de horas **efectivamente traballadas** como asalariado ou traballador autónomo durante o período contable, no ámbito das actividades produtivas que se inclúen dentro da fronteira da produción (SEC-95, 11.26).

Segundo as normas establecidas pola Organización Internacional do Traballo (Décima Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo) as horas efectivamente traballadas inclúen as horas extraordinarias, os períodos dedicados ao mantemento, reparación, preparación e limpeza, o tempo en situación de espera por motivos de falta de traballo e o correspondente a períodos breves de descanso no lugar de traballo. Exclúense de ditas horas as remuneradas pero non traballadas, por vacacións, enfermidade, os días festivos, as pausas para as comidas e os tempos de viaxe entre o fogar e o traballo.

Remuneración dos asalariados

Comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores (SEC-95, 4.01)

Renda mixta

É o saldo da conta de explotación das empresas non constituídas en sociedades pertencentes ao sector fogares. Este agregado contén implicitamente un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario (SEC-95, 8.19).

Fogares

Segundo ou SEC-95, 2.76 o sector fogares inclúe⁴:

- a) os individuos ou grupos de individuos cuxa función principal é o consumo;
- b) as persoas que viven en institucións de forma permanente cuxa autonomía de acción ou de decisión en asuntos económicos é moi limitada ou inexistente (por exemplo, os membros de ordes relixiosas que viven en mosteiros, os pacientes hospitalizados durante longos períodos, os presos que cumpren condenas longas ou as persoas maiores que viven permanentemente en residencias). Considérase que tales persoas forman, agrupadas, unha única unidade institucional, é dicir, un único fogar;
- c) os individuos ou grupos de individuos cuxa función principal é o consumo e que producen bens e servizos non financeiros exclusivamente para uso final propio. No SEC inclúense unicamente dúas categorías de servizos producidos para consumo final propio: os servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios e os servizos producidos por persoal doméstico remunerado;
- d) as empresas individuais e as sociedades personalistas sen personalidade xurídica -distintas das tratadas como cuasisociedades- que son produtores de mercado;
- e) as institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que carecen de personalidade xurídica e tamén as que, aínda dotadas de personalidade xurídica, teñen pouca importancia (véxase o punto 2.88).

⁴ Debe sinalarse que o concepto de fogar empregado nas enquisas de condicións de vida que se utilizarán para obter resultados por fogares non coincide exactamente coa definición de fogar do SEC. A diferenza máis relevante radica no que atinxe aos fogares colectivos (punto b da definición do SEC) que a enquisa ECV_IGE non considera.

Variables referidas ao consumo final segundo o SEC-95:

Gasto en consumo final

Consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades individuais, ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade. Este gasto pode realizarse no territorio económico ou no resto do mundo.

IV.2 Submatrices da MCSEG

a) Demanda de traballo en termos monetarios

A demanda de traballo está relacionada coa submatriz de valor engadido (cela 3,2) e a submatriz que mostra os salarios pagados ao resto do mundo (cela 3,10). Neste momento só se está en disposición de abordar a remuneración de asalariados e rendas mixtas dende unha **perspectiva interior**. Isto supón que só se inclúen os salarios (e rendas mixtas) pagos polas unidades institucionais residentes.

Despois de desagregar a cela do valor engadido nunha submatriz na que as columnas mostran as diferentes ramas de actividade e as filas as compoñentes do valor engadido, continuase a desagregación da remuneración do traballo asalariado e das rendas mixtas segundo as seguintes características socio demográficas: sexo e nivel educativo do traballador.

b) Oferta de traballo en termos monetarios

A oferta de traballo, en termos monetarios, obtense a partir da submatriz da renda xerada (cela 4,3) e a submatriz que mostra a remuneración dos asalariados pagada aos traballadores non residentes (cela 10,3). Ao non dispoñer da información correspondente a esta última matriz, a oferta só se estudará dende a **perspectiva rexional**.

A MCSEG desagrega a remuneración dos asalariados tanto polas características socio-demográficas como por tipo de fogares aos que pertencen os traballadores. Neste caso a desagregación mostra a cantidade de diñeiro recibido por cada tipo de fogar por ter *ofrecido* diferentes dotacións de traballo no proceso produtivo.

c) Consumo final

Finalmente, abordárase a desagregación do consumo final (cela1,6) para obter unha nova submatriz da MCSEG na que o consumo final aparece clasificado non só por produtos senón tamén por tipo de fogar.

Realizar as desagregacións enumeradas esixe a identificación e explotación das fontes estatísticas que proporcionen información dos individuos e dos fogares compatible coas contas nacionais.

IV.3 Clasificacións

- Remuneración do traballo

Seguindo as recomendacións de Eurostat a remuneración do traballo por rama de actividade clasifícase por tipo de traballo (asalariado e autónomo), sexo e nivel de estudos. O nivel de desagregación que a continuación se detalla, ven imposto polas fontes de información dispoñibles. A limitación máis importante é a representatividade dos datos, xa que en moitos casos o tamaño da mostra das fontes que fornecen esta estatística de síntese, non permite a clasificación por rama, tipo de traballador, sexo e nivel de estudos cun nivel de fiabilidade aceptable. As clasificacións que finalmente se adoptaron proceden da análise da representatividade dos datos utilizando as fontes que se describen no apartado V deste proxecto.

Rama de actividade:

A clasificación de actividades da MCSEG obtense por agregación das ramas de actividade da CNAE, utilizando como marco de referencia o Marco Input-Output de Galicia.

A desagregación proposta é a seguinte:

| AGRUPACIÓN DE RAMAS | CNAE 09 INCLUIDAS |
|----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Primario | Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (CNAE A) |
| Enerxía | Industrias extractivas (CNAE B) ; Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (CNAE D) ; Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos (CNAE E) |

| | |
|-------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Industria | Industria manufactureira (CNAE C) |
| Construción | Construción (CNAE F) |
| Servizos I | Comercio, transporte, hostalería, información e comunicacións, actividades financeiras e de seguros, actividades inmobiliarias, actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE G a N) |
| Servizos II | Administración pública, educación, actividades sanitarias e sociais, actividades artísticas, outros servizos e actividades dos fogares que empregan persoal doméstico (CNAE O a T) |

Este elevado nivel de agregación é o resultado dunha análise minuciosa das fontes dispoñibles para a desagregación da conta de explotación na que se cruza información da rama de actividade con información do sexo e do nivel de estudos dos traballadores. Non existe ningunha fonte de información que ofrezca esta desagregación cun mínimo de calidade estatística para as máis de 60 ramas coas que se traballa habitualmente no sistema de contas económicas de Galicia.

Tipo de traballo:

- Traballo asalariado (traballo por conta allea)
- Traballo autónomo (traballo por conta propia)

Nivel de estudos:

Para a desagregación por nivel de estudos establécense catro niveis a partir da Clasificación Nacional de Educación.

| NIVEIS | CÓDIGOS CNED-2000 | |
|----------------|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Nivel 1 | 11 | Estudios primarios incompletos |
| | 12 | Estudios primarios completos |
| | 80 | Analfabetos |
| Nivel 2 | 21 | Formación e inserción laboral que non precisa título de primeira etapa de secundaria |
| | 22 | Primeira etapa de educación secundaria sen título de graduado escolar ou equivalente |
| | 23 | Primeira etapa de educación secundaria con título de graduado escolar ou equivalente |
| Nivel 3 | 31 | Formación e inserción laboral que precisa título de primeira etapa de secundaria |
| | 32 | Ensinanzas do bacharelato |

| | | |
|----------------|----|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | 33 | Ensinanzas técnico-profesionais de grao medio |
| | 34 | Ensinanzas de grao medio de música e danza |
| | 36 | Garantía social / Iniciación profesional |
| | 41 | Formación e inserción laboral que precisa título de segunda etapa de secundaria |
| Nivel 4 | 51 | Ensinanzas técnico-profesionais de grao superior |
| | 52 | Títulos propios das universidades e outras ensinanzas que precisan do título de bacharelato |
| | 53 | Formación e inserción laboral que precisa dunha formación profesional superior |
| | 54 | Ensinanzas universitarias de primeiro ciclo ou 3 cursos completos de licenciatura ou créditos equivalentes |
| | 55 | Ensinanzas universitarias de primeiro e segundo ciclo, de só segundo ciclo e equivalente |
| | 61 | Doutorado universitario |

Os resultados obtidos con esta clasificación suxiren a unión dalgúns niveis de estudos para aquelas ramas nas que o nº de individuos na mostra resulta un pouco escaso. A clasificación finalmente adoptada para a presentación dos resultados finais referidos á poboación asalariada é a seguinte⁵:

| NIVEIS DE ESTUDOS | RAMAS DE ACTIVIDADE | | | | | |
|-------------------|---------------------|---------|-----------|-------------|------------|-------------|
| | Primario | Enerxía | Industria | Construción | Servizos I | Servizos II |
| I | X | X | X | X | X | X |
| II | | | X | | X | |
| III | X | X | X | X | X | X |
| IV | X | X | X | X | X | X |

⁵ Como se indica máis adiante, para os autónomos soamente se presentan resultados por sexo para cinco ramas de actividade (A; B+D+E+C; F; G-N; O-T), debido ao tamaño da mostra deste colectivo.

- **Fogares**

A clasificación dos fogares na MCS piloto, elaborada por EUROSTAT, baséase na principal fonte de renda do fogar, e contén un mínimo de catro clases:

1. Soldos e salarios dos asalariados
2. Renda mixta (incluíndo os dereitos de propiedade)
3. Renda en conexión coa idade (pensións)
4. Outras transferencias de renda

Seguindo estas indicacións, os fogares clasifícanse como segue:

- I. Fogares nos que a fonte principal de ingresos son os salarios
- II. Fogares nos que a fonte principal de ingresos son as rendas mixtas
- III. Fogares nos que a fonte principal de ingresos son as pensións contributivas
- IV. Resto de fogares nos que a principal fonte de ingresos poden ser as prestacións por desemprego, os subsidios, as rendas do capital e da propiedade, e outros ingresos.

Como consecuencia das desagregacións anteriores, nas táboas 1 e 2 represéntanse a submatriz de VEB (cela 3,2 da MCN) e a submatriz de asignación da renda primaria no sector institucional fogares:

Táboa 1: Valor engadido bruto na MCS

| Conta de explotación | | Conta de produción | | | | | | Total |
|-----------------------------------------------------|--------------|----------------------------|-------|---|---|-----|-----|-------|
| | | Ramas de actividade (CNAE) | | | | | | |
| Remuneración do emprego | Cod. Estudos | A | B,D,E | C | F | G-N | O-T | |
| <u>Soldos e salarios:</u> | | | | | | | | |
| Homes | I | | | X | | X | X | |
| | II | X | X | X | X | X | X | X |
| | III | X | X | X | X | X | X | X |
| | IV | X | X | X | X | X | X | X |
| | TOTAL | X | X | X | X | X | X | X |
| Mulleres | I | X | X | X | X | X | X | X |
| | II | | | X | X | X | X | |
| | III | X | X | X | X | X | X | X |
| | IV | X | X | X | X | X | X | X |
| | TOTAL | X | X | X | X | X | X | X |
| Total soldos e salarios | | X | X | X | X | X | X | X |
| <u>Renda mixta:</u> | | | | | | | | |
| Homes | | X | X | | X | X | X | X |
| Mulleres | | X | X | | X | X | X | X |
| Total renda mixta | | X | X | | X | X | X | X |
| Cotizacións sociais | | X | X | X | X | X | X | X |
| Outros impostos netos sobre a produción | | X | X | X | X | X | X | X |
| Excedente de explotación bruto/Rendas mixtas | | X | X | X | X | X | X | X |
| Total | | X | X | X | X | X | X | X |

Táboa 2. Renda xerada polo sector institucional fogares na MCS

| Tipo de fogar | Soldos e salarios | | | Rendas mixtas | | |
|---------------|-------------------|----------|----------|---------------|----------|----------|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| I | X | X | X | X | X | X |
| II | X | X | X | X | X | X |
| III | X | X | X | X | X | X |
| IV | X | X | X | X | X | X |
| TOTAL | X | X | X | X | X | X |

- **Gasto en consumo final**

Esta submatriz da MCSEG proporciona información sobre o gasto en consumo final do sector institucional fogares por produto e tipo de fogar. Como se explica no apartado V, a *Encuesta de Presupuestos Familiares (EPF)*, realizada polo INE, constitúe a fonte de datos máis completa para realizar esta desagregación. Os fogares clasifícanse en catro grupos segundo a principal fonte de renda, como se indicou nas páxinas anteriores, e os produtos, dadas as limitacións da mostra dispoñible, en doce tipos de gasto.

A desagregación proposta segue os doce grupos a dous díxitos da Clasificación COICOP, e ofrece información do gasto de consumo por tipo de fogar.

Táboa 3.- Gasto en consumo final por tipo de fogar e grupos de produtos

| Grupos de produtos | Tipo de fogar | | | |
|-----------------------------------------------|---------------|----|-----|----|
| | I | II | III | IV |
| Alimentos e bebidas non alcohólicas | x | x | x | x |
| Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos | x | x | x | x |
| Articulo de vestir e calzado | x | x | x | x |
| Vivenda, auga, electricidade, gas e ... | x | x | x | x |
| Mobiliario, equip.do fogar e gastos corren... | x | x | x | x |
| Saúde | x | x | x | x |
| Transportes | x | x | x | x |
| Comunicacións | x | x | x | x |
| Ocio, espectáculos e cultura | x | x | x | x |
| Ensino | x | x | x | x |
| Hoteles, cafés e restaurantes | x | x | x | x |
| Outros bens e servizos | x | x | x | x |

V.- Fontes de datos e obtención de resultados

V.1 Remuneración do emprego por sexo, estudos e rama de actividade

Non existe ningunha fonte que proporcione directamente as variables de ingresos (soldos e salarios e rendas mixtas) e horas efectivas traballadas para obter a remuneración do traballo dos asalariados e dos autónomos coa desagregación desexada. En consecuencia combínanse

tres bases de datos procedentes das fontes que, a continuación, aparecen numeradas como 1,2 e 3 e utilízanse as fontes 4 e 5 como control e contraste de resultados:

1. *Encuesta de Población Activa* do INE/IGE.
2. Enquisa de Condicións de Vida do IGE.
3. *Encuesta de Condiciones de Vida* (ECV) do INE.
4. *Encuesta de Estructura Salarial* (EES) do INE
5. *Muestra Continua de Vidas Laborables* do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Encuesta de Población Activa (EPA)

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

Esta fonte é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias. A finalidade máis importante é obter datos da forza de traballo (poboación activa), así como da poboación allea ao mercado laboral (poboación inactiva).

O tamaño da mostra da EPA en Galicia permite facer desagregacións bastante afinadas das variables do mercado de traballo. Dado que esta fonte é a que proporciona maior información sobre as variables máis importantes do mercado laboral, utilízase como elemento base para establecer o grao de desagregación ao que se podía chegar para proporcionar resultados estatisticamente significativos.

Desta fonte obtéñense as seguintes variables desagregadas por rama de actividade, tipo de traballo, sexo e nivel de estudos⁶:

- Postos de traballo
- Xornada media semanal
- Horas efectivas anuais traballadas pola poboación ocupada

Limitacións desta fonte: Non existen datos de ingresos polo traballo desenvolvido

Enquisa de Condicións de Vida (ECV_IGE)

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ecv_2009_ga.pdf

Esta fonte considérase moi importante xa que é unha enquisa deseñada especificamente para o estudo das condicións de vida das familias no ámbito galego que leva asociada unha mostra

⁶ A obtención de resultados por nivel de estudos só se realiza para a poboación asalariada. A mostra para os autónomos coa desagregación por sexo, rama de actividade e nivel de estudos non ten tamaño suficiente para obter resultados estatisticamente significativos. Ademais para este colectivo a desagregación por sexo só se proporciona para cinco ramas de actividade (agréganse as ramas B,D,E e C)

moi ampla, o que permite facer as desagregacións propostas cun nivel de significación alto. Unha das variables clave que se recolle nesta estatística é a variable de ingresos polo traballo realizado.

Desta fonte obtense coas desagregacións sinaladas:

- Ingreso día neto total
- Ingreso neto por ocupado e día

Limitacións desta fonte:

- Non proporciona o nº de horas traballadas
- Os ingresos son netos (nas contas trabállase con ingresos brutos)

Coa combinación destas dúas fontes obtéñense, como se indica a continuación, o **ingreso medio neto por hora efectiva de traballo** e os **ingresos anuais totais (en termos netos)** por rama, sexo e nivel de estudos.

- **ingreso medio neto por hora efectiva** obtense como o cociente entre o ingreso neto por ocupado e día resultante da Enquisa de Condicións de Vida do IGE e a xornada media diaria calculada cos datos da EPA.
- **ingreso anual neto** calcúlase como o produto do ingreso medio neto por hora por o nº de horas efectivas traballadas pola poboación ocupada obtidas da EPA.

Por último, para adaptarse aos resultados de contas é necesario **converter os ingresos netos en brutos**. Este proceso realízase utilizando as fontes que se describen a continuación:

Encuesta de Estructura Salarial (EES)

<http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=/t22/p133&file=inebase&N=&L=0>

A EES é unha operación estatística de carácter cuadrienal que investiga a distribución dos salarios brutos e netos en función dunha grande cantidade de variables como son o sexo, a ocupación, a rama de actividade, o nivel de estudos, etc.

Esta enquisa permitiría establecer a relación entre salario bruto e neto; esta relación aplícase aos ingresos netos obtidos da combinación da EPA e da ECV__IGE co fin de obter os ingresos en termos brutos.

A limitación desta fonte reside na cobertura sectorial: só se investiga aos centros de cotización cunha actividade económica encadrada nos tres grandes sectores da industria, a construción e

os servizos, concretamente as actividades económicas comprendidas nas seccións da C á K e da M á O da CNAE-93. Polo tanto quedan excluídas as actividades do sector primario, a Admón. Pública, Defensa e organismos extraterritoriais.

Para solucionar esta falta de cobertura ao nivel de ramas de actividade, utilízase a **Enquisa de Condicións de Vida do INE**, nas seis ramas de actividade propostas.

Enquisa de Condicións de Vida (ECV_INE)

<http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=/t25/p453&file=inebase&N=&L=0>

Esta enquisa, de carácter anual, ao igual que a EES, tamén permite obter, para a poboación asalariada, a distribución do salario bruto e neto en función de variables socio económicas como o sexo, a ocupación, o nivel de estudos e a rama de actividade .

Pola contra a súa limitación fundamental radica no tamaño da mostra en Galicia, xa que co nivel de desagregación desexado, para algúns dos cruces a mostra resultante é moi pequena.

Feitas as probas pertinentes, decidiuse utilizar a mostra para toda España para calcular o ratio Bruto/Neto, xa que non parece haber diferenzas moi significativas entre Galicia e o conxunto de España nos valores deste ratio.

Muestra Continua de Vidas Laborales(MCVL)

http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/Est/Muestra_Continua_de_Vidas_Laborales/index.htm

A mostra continua de vidas laborais é un conxunto organizado de microdatos anónimos extraídos dos seguintes rexistros administrativos: Seguridade Social (SS), Padrón Municipal Continuo e datos fiscais da Axencia Tributaria (modelo 190⁷). Características:

- A mostra é representativa de todas as persoas que tiveron relación coa SS nun determinado ano.
- A mostra é continua porque se actualiza anualmente
- É de vidas laborais porque reproduce o historial anterior das persoas seleccionadas para as variables procedentes da SS (poboación cotizante e poboación pensionista)

A poboación de referencia son todas as persoas que estiveron en situación de afiliado en alta, ou recibindo algunha pensión contributiva da SS nalgún momento do ano de referencia.

⁷ O modelo 190 contén a información que os empregadores facilitan á Axencia Tributaria sobre as retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) derivadas do traballo por conta allea para o exercicio de que se trate.

Esta estatística permite obter os ingresos brutos da poboación asalariada por sexo, nivel de estudos e rama de actividade para todas as persoas que estiveron de alta na SS nalgún período do ano cunha mostra moi ampla, xa que está formada por catro de cada cen persoas da poboación de referencia⁸. Para os obxectivos deste proxecto as limitacións máis importantes desta fonte son as seguintes:

- Exclúe aos traballadores que teñen un sistema de previsión social distinto ao da Seguridade Social (en particular aos funcionarios de Clases Pasivas)
- Na parte dos ingresos, exclúe aos traballadores autónomos, xa que a mostra só proporciona información do modelo 190.
- A información sobre nivel de estudos procedente do Padrón Municipal Continuo debe utilizarse con moitas precaucións porque non se actualiza debidamente.

Reponderación: Soldos e salarios por sexo, estudos e rama de actividade e rendas mixtas por sexo e rama de actividade na MCSEG

Unha vez obtidos os soldos e salarios por sexo e nivel de estudos e das rendas mixtas por sexo para cada agrupación de ramas de actividade, o seguinte paso consiste en axustar estes resultados aos totais da conta de explotación das Contas Económicas de Galicia. Desta maneira obtense a submatriz de VEB da MCN (cella 3,2), representada na táboa 1.

Para facer a reponderación dos soldos e salarios e das rendas mixtas seguíronse os seguintes pasos:

Soldos e salarios:

1º) Ao total de Postos de traballo asalariado de cada unha das seis agrupacións de ramas de actividade das Contas de Galicia, aplícase a estrutura por sexo e estudos obtida da EPA. Polo tanto obtense a distribución por sexo e nivel de estudos para cada rama dos postos de traballo asalariados das Contas de Galicia. É, de maneira similar, para cada rama de actividade ao total de horas efectivas traballadas ao ano pola poboación asalariada obtido nas Contas, aplícase a estrutura por sexo e nivel de estudos das horas efectivas traballadas resultante da EPA para obter as horas efectivas traballadas ao ano por sexo, rama e nivel de estudos das Contas.

2º) Os datos anteriores permiten calcular a xornada media semanal e diaria por sexo e nivel de estudos para cada unha das seis ramas.

⁸ No ano 2006 a mostra era de 1.170.895 persoas en España e de 73.658 en Galicia.

3º) Esta xornada media diaria utilízase para o cálculo duns ingresos medios por hora que multiplicados por o total de horas traballadas ao ano, obtidas no paso 1º), obtense uns ingresos anuais.

4º) Finalmente, os resultados do paso 3) proporcionan a estrutura por sexo e estudos para aplicar aos soldos e salarios de contas de cada unha das seis ramas de actividade.

Rendas mixtas

No que atinxe as rendas mixtas non se pode aplicar o ratio entre ingresos brutos e netos obtido da ECV_INE, dado que esta fonte non proporciona os ingresos brutos para os traballadores autónomos. Ao carecer deste dato optouse por calcular a estrutura para a reponderación cos ingresos netos estimados na ECV_IGE.

O proceso para obter as rendas mixtas de contas desagregadas por sexo e rama de actividade é practicamente idéntico ao descrito para a poboación asalariada.

V.2 Remuneración do emprego por sexo e tipo de fogar

Como xa se sinalou, a táboa 2 mostra a contribución dos soldos e salarios e das rendas mixtas ao proceso de xeración da renda, na que os ocupados aparecen clasificados por sexo e tipo de fogar ao que pertencen. Ademais, a renda xerada estúdase desde unha perspectiva rexional.

A diferenza fundamental respecto ao apartado anterior, no que atinxe ao tipo de fontes, radica na clasificación dos ocupados por tipo de fogar. Das cinco fontes de datos mencionadas, soamente a Enquisa de Condicións de Vida do IGE e a Enquisa de Condicións de Vida do INE proporcionan resultados por fogares.

Para a obtención dos soldos e salarios e das rendas mixtas por sexo e tipo de fogar as fontes mencionadas utilizáronse como segue:

- **Enquisa de Condicións de Vida (ECV_IGE).** Desta fonte obtívose:
 - Soldos e salarios netos por sexo e tipo de fogar
 - Rendas mixtas netas por sexo e tipo de fogar
- **Encuesta de Condiciones de Vida (ECV_INE).** Desta fonte obtívose:
 - Relación entre salario bruto e salario neto para a poboación asalariada do total de España.

Co ratio bruto/neto da ECV_INE, calcúlase o salario bruto por sexo e tipo de fogar a partir da ECV_IGE

Na submatriz que distribúe o valor engadido por categorías estímase a remuneración de asalariados desde o punto de vista “interior”, é dicir a remuneración recibida no territorio económico polos asalariados, independentemente da súa residencia. Na remuneración do emprego por sexo, e tipo de fogar é preciso axustar ese agregado desde a perspectiva funcional á institucional: a remuneración dos asalariados residentes. Para realizar este axuste utilizamos información da EPA, afiliacións á Seguridade Social e a estatística “Mercado de traballo y pensiones en las fuentes tributarias” da AEAT.

Reponderación dos soldos e salarios e das rendas mixtas

A estrutura dos soldos e salarios brutos por sexo e tipo de fogar aplícase directamente ao total de soldos e salarios estimado nas contas económicas.

En canto ás rendas mixtas o procedemento é idéntico ao anterior coa diferenza que neste caso estanse a utilizar os valores netos obtidos da ECV_IGE.

V.3 Gasto en consumo final dos fogares residentes por tipo de fogar

A estimación do gasto en consumo final por tipo de fogar realízase combinando información das Contas Económicas e do Marco Input-Output de Galicia coa *Encuesta de Presupuestos Familiares* (EPF).

Encuesta de Presupuestos Familiares (EPF)

Esta enquisa aos fogares, elaborada polo Instituto Nacional de Estatística, ofrece información sobre a natureza dos gastos dos fogares e sobre diversas características relativas ás condicións de vida dos fogares. Conta cun tamaño de mostra de aproximadamente 24.000 fogares para toda España e 1.370 para Galicia, e realízase con periodicidade anual.

A partir desta fonte de información podemos obter o gasto por grupos de produtos clasificando aos fogares galegos por principal fonte de ingresos, porén hai que ter presente algunhas dificultades que presenta a utilización desta fonte de información.


Hai determinados conceptos de gasto incluídos na EPF que non son gasto en consumo final segundo a metodoloxía SEC⁹ e viceversa, xa que esta enquisa non recolle algúns conceptos de gasto recollidos no Marco Input-Output¹⁰.

⁹ Na EPF recóllense como gasto dos fogares os pagamentos realizados a membros do fogar que non residen da vivenda, que segundo a metodoloxía SEC serían “outras transferencias correntes”. Tamén se inclúen gastos asociados a reparacións da vivenda en propiedade que constitúen, nas estatísticas do sistema de contas, consumos intermedios ou investimento da actividade de alugueiro imputado.

¹⁰ Un exemplo serían os servizos financeiros medidos indirectamente (SIFMI) que valoran o gasto no que os fogares incorren por ter uns activos financeiros que xeran uns intereses inferiores aos pasivos.

V.3.1. Falta de correspondencia entre clasificacións

A EPF utiliza a clasificación de bens e servizos COICOP¹¹, clasificación que non ten unha correspondencia directa cos produtos publicados no Marco Input-Output que está baseada na Clasificación nacional de produtos por actividades (CPA-2008). O IGE elaborou unha correspondencia entre a COICOP e os produtos do Marco Input-Output, para uso interno, tanto para a elaboración do Marco como para a estimación do gasto en consumo por tipo de fogar, obxectivo da Matriz de Contabilidade Social.



Esta correspondencia teórica serve para avaliar a estimación da EPF con respecto ás estimacións do gasto en consumo final¹² publicadas no Marco Input-Output.

V.3.2. Procedemento de cálculo e presentación de resultados

As estimacións do marco proveñen de fontes diversas e forman parte dunha operación que, pola súa natureza, achega un equilibrio entre oferta e demanda para un elevado número de produtos. Nesta estimación, a EPF é unha das fontes consideradas, pero non a única. En xeral o criterio utilizado para a estimación do gasto en consumo final por produtos é utilizar a mellor fonte dispoñible para cada un dos produtos e en determinados casos existen mellores fontes de información ca EPF¹³, ademais do axuste oferta-demanda.

¹¹ Classification of Individual Consumption According to Purpose

¹² Ademais de diferenzas conceptuais a EPF presenta unhas estimacións que nalgúns casos infraestiman o gasto en consumo final dos fogares.

¹³ Un exemplo sería o gasto en consumo final en tabaco cuxos resultados segundo a EPF son sistematicamente inferiores aos datos administrativos de vendas de tabaco nos estancos galegos. Neste caso temos unha fonte administrativa que mellora as estimacións dunha enquisa, e polo tanto a estimación do Marco Input-Output seguirá esta fonte.


Porén a EPF é necesaria se queremos introducir a tipoloxía do fogar, xa que clasifica aos fogares en función da súa principal fonte de ingresos, polo que é posible estudar tanto o diferente nivel como a diferente composición dese gasto por tipo de fogar.

Consideramos catro tipos de fogares:

- I Fogares cuxa principal fonte de ingresos son os salarios (traballo por conta allea)
- II Fogares cuxa principal fonte de ingresos son as rendas mixtas (traballo por conta propia)
- III Fogares cuxa principal fonte de ingresos son as prestacións contributivas
- IV Outros fogares. Neste grupo clasificamos fogares cuxo principal ingreso son as prestacións por desemprego, subsidios, rendas do capital e da propiedade, e outros ingresos.

A Matriz de Contabilidade Social distinguirá 12 grupos de gastos que coinciden coa clasificación COICOP cunha desagregación a dous díxitos. O procedemento é o seguinte:

- 1) Paso dos produtos do Marco Input-Output aos doce grupos da COICOP utilizando as correspondencias elaboradas para tal fin. As correspondencias elaboradas parten da clasificación COICOP a cinco díxitos e asignan cada código a un ou a varios produtos do Marco.
- 2) Obter unha explotación de resultados da EPF que resuma para cada un dos doce grupos o gasto en consumo final dos fogares galegos.
- 3) O segundo paso será calcular uns coeficientes que valorarán a proximidade entre a fonte (EPF) e o resultado final (vector do gasto en consumo final no Marco Input-Output). Así chamaremos C_i ao cociente entre $G_{contasi}$ e G_{epfi} , coeficientes que utilizaremos para axustar as estimacións por tipo de fogar nos seguintes pasos.



- 4) Obter unha explotación da EPF por tipo de fogar tal e como definimos previamente. Isto é, teremos o gasto en consumo final (para os doce grupos de gasto) que segundo a EPF teñen os fogares galegos: perceptores de rendas do traballo, perceptores de rendas mixtas, perceptores de prestacións sociais e os perceptores doutras rendas.

- 5) Para cada grupo de produtos aplicaremos o calibrado multiplicando a estimación da EPF por cada un dos coeficientes correctores. O resultado é unha distribución do gasto total por tipo de fogar e por grupos de produtos.

| Clasificación COICOP (2 díxitos) | Gasto en consumo | Tipoloxía dos fogares | | | |
|----------------------------------|-----------------------|-----------------------|-------------------|-------------------------|-------------------------------|
| | | I Rendas do traballo | II Rendas mixtas | III Prestacións sociais | IV Perceptores doutras rendas |
| 01 | G _{contas01} | G _{I01} | G _{II01} | G _{III01} | G _{IV01} |
| ... | ... | ... | ... | ... | ... |
| ... | ... | ... | ... | ... | ... |
| 12 | G _{contas12} | G _{I12} | G _{II12} | G _{III12} | G _{IV12} |

VI Difusión de resultados

Coa información dispoñible na actualidade, a MCSEG ofrecerá a seguinte información:

a) Remuneración do emprego:

- Soldos e salarios por sexo, rama de actividade e nivel de estudos
 - Os catro niveis de estudos só se proporcionarán para a industria manufactureira e as dúas agrupacións de ramas de servizos (servizos I e servizos II)
 - Para o resto de ramas, agrúpanse os niveis de estudos I e II
- Rendas mixtas por sexo para cada unha das cinco agrupacións de ramas (I, II+III, IV, V, VI)

b) Asignación da renda primaria no sector institucional fogares

Os resultados correspondentes á asignación da renda primaria no sector institucional fogares recóllense nunha matriz na que os soldos e salarios e as rendas mixtas clasifícanse por sexo e tipo de fogar ao que pertencen os traballadores.

c) Gasto en consumo final dos fogares

Neste apartado obtense o gasto en consumo final, desagregado en doce tipos de produtos para cada unha das catro clases de fogares.

Toda esta información presentárase en formato matricial como se indicou nas táboas 1,2 e 3.
Ademais, nos períodos nos que o IGE publique as táboas input-output ofrecerase a matriz de destino estendida da economía galega, que combina información da matriz de destino do Marco Input-Output con información da MCSG